




# REGO VESACARBALLA (Sabucedo)


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** 1,5 km ida e volta

**Dificultade:** baixa

**Duración:** 1 hora



Unha pequena ruta no rego Vesacarballa, un afluente do Quireza (Lérez) na localidade de Sabucedo (A Estrada), coñecida por celebrar a Rapa das Bestas. Combina varias pequenas fervezas e varios elementos etnográficos restaurados: un serradoiro, pontes e muíños, nun bosque de ribeira ben conservado.

**COMO CHEGAR:** saíndo de Sabucedo pola estrada vella que vai da localidade cara a Forcarei e Codeseda, párase antes de cruzar o río e báixase ata o muíño ao pé do que se atopa a ferveza.

Por debaixo da localidade, ao pé do cruce da estrada que vai a Quireza atópase unha pequena ruta polo río na que podemos ver un serradoiro e varios muíños. O río forma pequenos saltos.

A 1 km do inicio da ruta atópase a outra ferveza

